

# Un cesto de mazás: memoria da morte para celebrar a vida

NOVEMBER 20, 2015 / VERAOPAULA



“Este é un libro de memoria oral e haberá quen pense que as lembranzas das vítimas non son fiábeis, pero menos o son eses papeis oficiais nos que os rebeldes acusaban de rebelión aos defensores da legalidade republicana e nos que se falaba de hemorragia interna cando habería que dicir asasinato.”

O pasado mércores (18 de novembro do 2015) tiven a honra de presentar en Sober a Luis Bará e a Montse Fajardo, que viña traernos *Un cesto de mazás*, historias das vítimas do 36 e do seu tempo, das asasinadas e das que quedaron (ai! “As que pasaron os que quedaron, ainda nadie o sabe”, como dicía Carmen

Meaños Abuín, a Carrilla ([http://nondesaesquecimiento.blogspot.com.es/2015/02/todas-as-mortes-de-manuela-abuin\\_61.html](http://nondesaesquecimiento.blogspot.com.es/2015/02/todas-as-mortes-de-manuela-abuin_61.html)), a quen Montse adica este traballo), “un obituario das esquecidas” construído a través da memoria oral dos e das protagonistas e contado coa emoción e a humanidade que só ten quen de verdade se solidarida coa dor das oprimidas. Porque este é un libro escrito da lado das vítimas, “de todas”, porque “eu estou ... do único lado en que podería estar: o dos silenciados, cos que este país ten unha débeda histórica, a da memoria”.

Foi Luis Bará – a quen Galiza debe tanto pola recuperación da dignidade das vítimas! – quen nos explicou o porqué do seu título, dese cesto de mazás a xeito de ofrenda polas persoas que sufriron: foi o cesto que o propio Luis Bará levou a Tucha, de Paredes, en pago por aquelas mazás que os cívicos lle estragaron cando viñeran buscando ao seu pai (véxase “A noite das nenas costureiras”

(<http://nondesaesquecimiento.blogspot.com.es/2014/03/a-noite-das-nenas-costureiras.html>), no blogue Non des a esquecemento).

El mesmo nos presentou este libro coma unha “reflexión sobre as múltiples facetas da dor, a das vítimas e a das que quedaban ao redor, coa imposibilidade de poder chorar aos seus”.

Luis Bará, impulsor do Ano da Memoria (2006), lembrounos a importancia social das homenaxes, do rescate colectivo da memoria de quen morreu loitando polos valores que hoxe dicimos defender. Nestes tempos, nos que volvemos ao dilema dos anos 30', entre barbarie ou fraternidade, podemos ollarnos nestas historias para decididamente escoller a vida e pelexar por non caer, outravolta, na noite escura.

Montse Fajardo escribiu este feixe de historias porque “a xente que ten feridas precisa falar” e porque é preciso recoñecer o valor das xentes “que loitaron polos dereitos que agora reivindicamos”.

Quixo Montse Fajardo rescatar o lado máis humano das vítimas, como así o fixo de Maria Vázquez (<https://sober1936.wordpress.com/2014/11/05/mais-datos-sobre-maria-vazquez-suarez-e-sobre-os-tempos-da-guerra-en-vilaescura-unha-xornada-de-recollida-coa-sua-afillada/>), contrapoñendo os estigmas que o seu expediente de depuración lle atribuía coas referencias que da mestra lle diron as súas alumnas e a súa afillada, Victoria, con

quen se entrevistou en Sober o ano pasado. Destacou a autora que con María, como con moitas outras vítimas, se asañaron os fascistas polo seu labor de ensinar ás desfavorecidas, polo gran delito de axudar a que aprenderan a ler os pobres.

O libro é unha autoedición de gran calidade, con dezaseis historias acompañadas de cadansúa ilustración; historias fiadas cos recordos das vítimas e escritas a xeito de emotivos relatos que conforman un pranto coral polas que foron silenciadas, mais tamén un forte berro de vida e dignidade.

Un libro imprescindible. Imposible ler sen se emocionar.